

ANEXO á RESOLUCIÓN do 30 de xuño de 2022, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio do proceso selectivo.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN 2 EXERCICIO

A Resolución do 26 de novembro de 2021, D.O.G. do 10 de decembro de 2021 pola que se convocan as probas selectivas para cubrir prazas da escala de Xestión, subgrupo A2, pola quenda de acceso libre, vacantes no cadro de persoal funcionario sinala que:

“A proba consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de cento vinte preguntas tipo test, máis cinco de reserva con catro respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha será a correcta, correspondentes ao programa que figura como anexo II da convocatoria. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 120 minutos.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para obter esta puntuación mínima.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta”

En aplicación do anterior o tribunal cualificador, na reunión de 30 de xuño de 2022, **ACORDOU**:

Primeiro.- Fixar o número de respostas correctas para obter 5 puntos e superar o exercicio no correspondente a metade das preguntas formuladas, isto é, 60 preguntas correctas logo de restar as que correspondan polo desconto das incorrectas segundo a convocatoria.

As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poda distinguir a sinalada como correcta, non computan como erro.

Segundo.- Publicar os citados criterios xunto coa convocatoria do segundo exercicio, á que están chamadas todas as persoas aspirantes.

A Presidenta do Tribunal, na data de sinatura electrónica

- *Taboleiro electrónico da Sede Electrónica:*
<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>
- *Páxina web das convocatorias de Pas:*
http://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/convocatorias.html

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL CARMEN SOENGAS SEOANE, LETRADA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/07/2022 09:29:47.

CSV: AB8E-2C6F-40EF-B0CA